

# O latinismo na lírica profana galego-portuguesa

FRANCISCO GONZÁLEZ LOUSADA  
Universidade da Coruña

## Resumo:

A presente comunicación está integrada nunha serie de traballos que pretenden confluír na realización dunha tese de doutoramento que ten como obxecto de estudo o latinismo nos textos medievais. Unha das razóns desta investigación é a inexistencia, na lingüística galega actual, de traballos monográficos que se ocupen do latinismo: temos pequenas aproximacións aos neoloxismos e aos «cultismos», que se orientan máis cara a un tipo de gramática normativa, co obxectivo final de engadir unha listaxe de *ítems* lexicais ao vocabulario estándar. Non obstante, os avances que se veñen producindo na actualidade nos estudos lingüísticos permítennos dispor de interesantes recursos (cartáceos e dixitais) para o estudo da lingua medieval. O noso traballo pretende analizar o latinismo desde todos os planos: fonético, morfosintáctico e léxico, evitando que a visión deste tipo de empréstitos se limite ao campo da lexicoloxía. Nesta comunicación limitaremos o campo de estudo aos latinismos presentes no *corpus* da lírica profana (ss. XIII e XIV), onde atopamos algúns elementos específicos en que centraremos o noso interese. O aspecto fundamental que caracteriza a lírica profana fronte a outros xéneros é a presenza de formas que os especialistas definiron como «arcaísmos». Estes «arcaísmos» son verdadeiros estilemas da linguaxe trobadoresca que chegan a aparecer a carón do seu equivalente semántico a través da ditoloxía sinonímica: *eixidas/saídas*, *sanha/ira*, etc.

**Palabras clave:** Latinismo, cultismo, empréstito, galego-portugués medieval

## Abstract:

This paper is part of a doctoral thesis analyzing the «latinismo» in medieval texts. The starting point is the lack of Galician linguistic studies or monographs that deal with «latinismos». The few existing ones are mostly oriented towards normative grammar, in order to add lexical items to the standard vocabulary. However, the current advances in linguistic studies offer new interesting resources (cartacea and digital) for the study of medieval language. Our work aims at analyzing the phonetic, morphosyntactic and lexical aspects of the «latinismo», in order to avoid that these loans remain limited to lexicology. This proposal focuses on specific elements of the profane lyric (centuries 13<sup>th</sup> and 14<sup>th</sup>). The main characteristic of this genre is the presence of words that experts define as «archaic» and which are, in fact, «estilemas» of the troubador language that occasionally appear together with a semantic equivalent: *eixidas/saida*, *sanha/ira*, etc.

**Key words:** Latinismo, cultism, loan, medieval Galician-Portuguese

**P**ara comezar a miña exposición creo que é conveniente definir o que entendemos por latinismo e os conceptos adxacentes. Dentro dos estudos de lingüística galega utilízanse aínda os conceptos de cultismo, semicultismo e palabra popular ou patrimonial tal como foron definidos por estudosos da gramática histórica española tan clásicos como Menéndez Pidal (1994) e Bustos Tovar (1974). Ao primeiro corresponde esta cita:

*Las voces literarias de introducción más tardía en el idioma, tomadas de los libros cuando el latín clásico era ya lengua muerta, son las que llamaremos en adelante **voces cultas**<sup>1</sup>, y conviene distinguirlas siempre en el estudio histórico, pues tienen un desarrollo distinto de las voces estrictamente populares. Mientras éstas son producto de una evolución espontánea y no interrumpida desde los períodos más antiguos, las palabras cultas son introducidas cuando esa evolución popular había terminado o iba muy adelantada en su camino, y por lo tanto no participan de toda la compleja serie de cambios que sufrieron en su evolución las voces primitivas del idioma (Menéndez Pidal, 1994: 9).*

Estamos, con certeza, ante unha das definicións máis canónicas no estudo do cultismo, ben por ser iniciadora da reflexión sobre a cuestión, ben pola importancia do estudoso dentro da lingüística histórica española e a súa influencia sobre os continuadores. A esta reflexión vanse ir engadindo outras opinións que matizan as afirmacións de Pidal sen chegar a cuestionalas, polo que as claves que definen o concepto de cultismo son as seguintes:

- a) Estas voces proceden do latín literario, concretamente do latín clásico, aínda que algúns optaron por incluír tamén o latín medieval (Penny, 2001: 34; Ferreiro, 1997: 22).
- b) Establecen unha oposición coas denominadas «populares», por teren un desenvolvemento evolutivo diverxente: os cultismos non sufriron un proceso continuado de cambio lingüístico e transvasáronse do latín a outras linguas a través dunha mudanza fonotáctica.
- c) A introdución tardía permitiu que «escapasen» ao cambio lingüístico.

Esta é, a grandes trazos, a visión que se transmitiu desde a gramática histórica tradicional. Desde o campo da historia externa da lingua achegouse tamén outra consideración: o cultismo era un reflexo das orientacións culturais, artísticas e ideolóxicas do momento histórico en que penetraron na lingua, alén de ser unha contribución emanada directamente das clases (intelectualmente) máis elevadas. Esta aproximación sociolingüística do fenómeno pon en relevo a actuación das diferentes clases sociais, que se manifesta na utilización da dicotomía popular-culto.

O cadro teórico completábase coa controvertida noción de semicultismo que lle provocou certa perplexidade ao profesor Wright (1976: 14):

<sup>1</sup> Nesta cita e nas seguintes a negra é nosa.

*A further idea that has emerged is that of the 'semicultismo'. This term was originally applied to words that had developed regularly in some ways but held back in others, but the precise implications of labelling all such words as 'semicultismo' have never been entirely clear.*

A definición exacta deste concepto é unha tarefa dificultosa pola propia ambigüidade en que está instalada a súa definición. A característica que determina que unha palabra reciba a etiqueta de semicultismo é o hibridismo, unha posición intermedia á que se van arrastrando todas aquelas voces que non se poden situar no cultismo, por estaren sometidas a algún tipo de mudanza, nin dentro das voces patrimoniais ou «populares», por contaren con algunha evolución anómala ou por non se completar nelas o proceso de cambio lingüístico. R. Benítez Claros (1957: 22) xa indicaba os problemas existentes para limitar o concepto introducido pola gramática tradicional:

*¿Dónde está la frontera, el límite que separa a la voz culta pura de esta un poco pervertida, a la que tenemos que degradar a semiculta? ¿Qué circunstancia puede definir a este semiser, a este ser, y no ser cultismo? Tampoco a la gramática positivista le fué difícil resolver el problema. Aquellas voces cultas de introducción muy temprana, sometidas a un más largo proceso evolutivo, que modificaron en parte su fisionomía.*

Outra casuística en que se pretende xustificar o termo semicultismo, dáse cando dun mesmo étimo resultan varias formas latinas: os chamados *dobletes* en español ou formas alotrópicas, tal é como as define José Leite de Vasconcellos<sup>2</sup>, que nalgunhas ocasións presentan un triplo resultado. Seleccionemos un exemplo empregado comunmente en galego para explicar a tríade cultismo-semicultismo-palabra patrimonial: o étimo ARTÍCŪLU. Esta voz latina ofrece no galego actual tres solucións que se clasifican habitualmente da seguinte maneira:

ARTÍCŪLU >	<i>artello</i> patrimonial
	<i>artigo</i> semicultismo
	<i>artículo</i> cultismo

<sup>2</sup> Vasconcellos (1966: 21) propón o helenismo de uso científico alotropía, que fai referencia á propiedade dos corpos simples pola que poden adquirir, a través de modificacións moleculares, características físicas e químicas diferentes: «Às veces acontece estar uma palavra latina representada por duas, uma de origem popular, outra de origem literário, ou corresponderem a palavras populares derivados literarios: *meão-mediano*; *feito-facto*; *logar* (lugar)-*local*; *vodo* (*bodo*)-*votar*; *antigo-antiquário*; *razão-racional*. As palabras da primeira classe provêm do léxico primitivo dos Lusitano-Romanos; as de segunda, bem como os derivados literários, provêm de palabras tiradas da literatura latina em diferentes épocas; ou de outras línguas românicas. Há muitas palavras que, conquanto de origem literária, se tornaram populares: *claro-craro* (arcaico), *Claudio-Croyo* (arcaico), *clamor-cramol* (dialectal). Estas duas classes têm o nome de divergentes ou alotrópicas».

Comecemos por analizar o significado de cada un dos vocábulos:

*Artello*: xuntura ósea que une a perna co pé.

*Artigo*: clase de pronome; escrito inserido nunha publicación periódica; división nun texto lexislativo.

*Artículo*: cada unha das partes en que se dividen os escritos; cada un dos segmentos que forman o corpo dun animal articulado; falanxe dos dedos.

Do punto de vista semántico, a forma semiculta non garda relación coa patrimonial; porén, a palabra culta comparte, parcialmente, o seu significado coas outras. Tampouco pensamos que se poida encontrar unha xustificación dentro da fonética histórica para facer tal división. Aínda que é certo que a palatalización do grupo -c'L- pola caída da vogal postónica é habitual en galego (p. e.: *abella, orella, xeonllo*, etc.), tampouco é estraña a caída do -L- en posición intervocálica (p. e.: *perigo*<*perigoo*<PERÍCULŪ). Chegados a este punto, parece factíbel que *artigo* e *artello* sigan evolucións fonéticas diferentes para evitar a polisemia e conseguir a especialización semántica de cada palabra, tal como defende Wright (1976).

Nos parágrafos anteriores observabamos os conflitos e as dúbidas que no seo da lingüística histórica provoca a idea tradicional de cultismo e da terminoloxía adxacente. O concepto de «culto» (como o de «popular») ten unha serie de connotacións que o afastan do que tradicionalmente viña designando: os latinismos. A lingua é un produto social, e as súas palabras non poden ser patrimonio de clases «cultas» ou «populares», como indica Molho (1985: 480):

*La formación del cultismo muestra que el lenguaje es una tarea colectiva, igualitaria y anónima, en la que participa el conjunto de la comunidad hablante, provocando ocasionalmente la resurgencia de un étimo inscrito como pasado nocional, en la representación del vocablo. Así se explica que las voces cultas, aunque derivadas de un momento mental pretérito, accedan con facilidad al habla común, siendo inmediatamente aceptadas y asumidas por todos.*

Como se desprende do anterior fragmento, existen «cultismos» moi «populares», o que revela, unha vez máis, a inadecuación do termo ao obxecto que pretende definir. Palabras como *médico, rápido, acción*, etc. son exemplos de *ítems* que a teoría tradicional introduciría no saco dos cultismos sen ter en conta o seu emprego nin o seu significado, só a aparente fidelidade fonética ou gráfica á voz latina de que proceden.

En definitiva, talvez sexa necesario aplicar a etiqueta «cultismo» a aquelas palabras que forman parte do vocabulario técnico ou artístico, independentemente da lingua da que procedan e da súa evolución fonética. Sen dúbida, italianismos como *libreto* ou arabismos como *álgebra* poderían estar representados na definición como «termos idiomáticos selectos» (Benítez Claros, 1957: 21), do mesmo xeito que os latinismos cultos.

Seguindo este razoamento, optamos por substituír o concepto de cultismo polo de latinismo, entendendo este como un préstamo, e baseándonos non só en criterios fonéticos, senón que analizaremos tamén os planos morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico (aínda

que, destes niveis, só dous serán obxecto da nosa comunicación). Concordamos, por tanto, coa formulación de Clavería Nadal (1992: 39):

*La propuesta de sustituir cultismo por latinismo es solo la marca externa de esta integración, que se basa en el tratamiento del cultismo como préstamo y la descripción de este último como elemento que forma parte del sistema lingüístico. Así, del mismo modo que los préstamos del francés son denominados galicismos, los del inglés, anglicismos y los del griego, helenismos o grecismos; parece que la denominación más apropiada para los préstamos procedentes del latín debería ser la de latinismos.*

O préstamo lingüístico é resultado do contacto entre linguas. Ao tratarmos a presenza dos latinismos no período medieval, estamos en boa medida afrontando o nacemento da *scripta* en romance galego-portugués e da interferencia entre dúas normas: unha latina e outra romance, que se van independizando progresivamente. Diversos estudosos, como Wright (1989) e Puentes Romay (2007), coinciden en que o punto de partida da nova *scripta* é a introdución na península da liturxia romana, que supón a reforma do latín eclesiástico e un maior grao de diferenciación entre a lingua escrita (latina) e unha presunta oralidade romance. Aquí é onde entra en xogo a polémica teoría de Wright sobre a percepción que se tiña do latín como lingua escrita antes da reforma:

*En el caso de una palabra normal, usada muchas veces tanto en la Galicia del siglo diez como en la del siglo segundo (aunque fonéticamente distinta), no tenían gran problema; por ejemplo descubrían al aprender a leer, que la forma de escrita super era la de la palabra frecuente que pronunciaban [sóbre] (o incluso [sóβre] si creemos a Walsh 1991), y si tenían que leerla en voz alta, la leían así sin hesitar. Por eso la mayoría de los gallegos de la época habrían podido entender textos que se les leyeran en voz alta, aunque fueran analfabetos, más o menos lo mismo que ahora; y por eso es poco generosa la visión anticuada de las comunidades del temprano medieval que a veces se nos ofrece todavía, la de una comunidad casi totalmente aislada de la cultura escrita. Sabemos que los documentos notariales solían leerse en voz alta a los interesados para que los firmaran luego (Wright, 1991: 6).*

Aínda que este argumento é válido para a prosa notarial, temos que ter en conta a especificidade da poesía trobadoresca dentro dos textos medievais. A problemática inherente a esta tipoloxía textual ten que ver coa propia tradición manuscrita; isto é, o feito de que os testemuños de maior importancia sexan apógrafos posteriores ao período de desenvolvemento do fenómeno trobadoresco. A produción lírica galego-portuguesa ten a súa orixe a finais do século XII ou inicios do XIII<sup>3</sup> e finaliza a mediados do século XIV, pero a maioría dos textos

<sup>3</sup> As teses máis aceptadas ofrecen como datas posíbeis da primeira composición da poesía profana galego-portuguesa o 1200-1201 (Alvar: 1986).

que chegaron até nós foron conservados en dous cancioneiros elaborados en Italia no século XVI. Isto levou a que o profesor Souto Cabo (2008: 14) formulase a seguinte premisa:

*As vicissitudes da transmissom textual da lírica galego-portuguesa nom permitem unha observaçom directa do percurso histórico da escrita trovadoresca. O corpus textual que a transmitiu, consecuencia de metamorfoses sucessivas, producido numa fase serôdia dessa manifestaçom cultural e maioritariamente conservado por apógrafos do século séc. XVI, impom restriçons e dificuldades notáveis para nel rastejar, a modo de palimpsesto, a pegada doutras escritas anteriores.*

Outro factor relevante para o estudo dos latinismos na poesía profana galego-portuguesa é a edición manexada para o noso traballo (Brea, 1996). Nesta compilación do conxunto da lírica medieval galega foron integrados textos xa editados en antoloxías, edicións de cancioneiros individuais e colectivos, monografías de trovadores e xograres, etc.; seguindo a lectura que os investigadores consideraron máis fiábel. Isto implica que as composicións do *corpus* foron trasladadas baseándose en criterios de edición diversos, o que supón que se puideron reducir variantes, que se puido interpretar de maneira diferente unha mesma grafía ou signo, etc., o que podería comprometer ou relativizar algúns dos datos obtidos no transcurso desta investigación.

Con todo, estas circunstancias non poden ser óbice para estudarmos a lingua das cantigas medievais, polo que decidimos, no caso de termos dúbidas sobre algún testemuño, consultar unha reprodución do manuscrito, ou ben confrontalo con outras edicións dixitais ou cartáceas do mesmo texto.

O noso *corpus* está formado polos 1679 textos que compoñen a lírica profana galego-portuguesa. Foron excluídos desta investigación as rúbricas atributivas e a *Arte de Trovar* fragmentaria presente no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Tamén fican fóra aqueles segmentos de cantigas en norma latina empregados, nalgunhas ocasións, nas cantigas de escarnio e maldicir como caracterización lingüística en clave humorística do estamento eclesiástico.

Limitaremos o número de elementos de que falaremos na nosa exposición aos seguintes:

- a) Latinismos gráficos:
  - Grupos consonánticos tautosilábicos: PL-, CL-, FL-, GL-.
  - Grupos consonánticos heterosilábicos: -NF-, -NS-, -GN-.
- b) Latinismos léxicos

Comezaremos a nosa análise polos resultados dos grupos consonánticos tautosilábicos PL-, FL- e CL-. Estes grupos evolucionaron maioritariamente nas formas patrimoniais cara á palatalización, e derivaron no galego-portugués medieval na africada prepalatal xorda<sup>4</sup>

<sup>4</sup> Na actualidade, a africada prepalatal xorda consérvase no galego e, dialectalmente, no norte do territorio portugués. No portugués estándar actual conflúe coa fricativa prepalatal xorda.

(Williams, 2001: 74-75; Ferreiro, 1999: 149-150). Así e todo, obsérvase o mantemento do grupo consonántico en *clérigo(s)*<sup>5</sup> (v.6, 2,15) (v.3, 9,1) (v.5, 9,1) (v.5, 50,2) (v.13, 50,2) (v.18, 50,2) (v.26, 50,2) (v.14, 63,75) (v.7, 64,15) (v.13, 64,15) (v.17, 64, 15) (v.19, 64,15) (v.14, 126,15) e *planeta(s)* (v.3, 30,18) (v.12, 30,18) (v.2, 30,22) (v.8, 30,22) (v.23, 118,3), as únicas formas latinizantes que non presentan variantes con rotación da consoante lateral, como é o caso de *flor(es)* (v.19, 14,9) (v.2, 14,14) (v.14, 25,2) (v.16, 25,128) (v.17, 25,129) (v.15, 135,3), *clerizia* (v.36, 16, 1) (v.11, 30,18) e *plazer* (v.1, 48,3) (v.2, 25,61) (v.3, 129,1), que alternan con *frol* (v.35, 14,19), *frolido* (v.6, 14,19), *fror(es)* (v.3, 114,2) (v.7, 114,2) (v.1, 114,4) (v.3, 114,4) (v.5, 114,4) (v.6, 114,4) (v.8, 114,4) (v.10, 114,4) (v.13, 114,4) (v.15, 114,4) (v.18, 114,4) (v.20, 114,4) (v.23, 114,4) (v.25, 114,4) (v.28, 114,4) (v.30, 114,4), *crezeria* (v.3, 94,9) e, por último, *prazer* e os seus derivados, que teñen un total de 110 ocorrencias. Estas alternancias son habituais, como veremos máis adiante, e reflicten a permanencia dos usos escritos latinos na nova norma romance. O outro grupo consonántico tautosilábico que presenta a mesma variación é GL-: nos textos trobadorescos encontramos só dúas formas no adxectivo *gloriosa* (v.17, 9,2) (v.12, 83,11), referido sempre á virxe María.

Pasemos agora a falar do grupo consonántico -NS-, que aparece en posición implosiva na forma *monstrar* (v.2, 118,8) e nas formas conxugadas *monstrou* (v.16, 25,130) (v.2, 47,18) (v.14, 147,12), *monstraria* (v.3, 27,2) (v.8, 27,2) e *monstrasse* (v.3, 47,18) (v.26, 116,33). Neste caso a influencia da norma latina é moi reducida no noso *corpus*, xa que, perante os 9 casos desta atestación, temos 150 de (*a*)*mostrar* e os seus derivados (v.3, 6,7) (v.3, 18,8) (v.24, 22,4) (v.11, 25,87) (v.9, 25,98) (v.3, 25,121) (v.2, 30, 7) (v.16, 43,8) (v.15, 43,16) (v.18, 43,16) (v.5, 47,6) (v.11,47,6) (v.17, 47,6) (v.10, 47,21) (v.12, 47,21) (v.10, 50,3) (v.8, 50,8) (v.16, 63,81) (v.1, 66,4) (v.16, 71,6) (v.10, 72,10) (v.3, 73,5) (v.26, 78,11), etc.

A asimilación regresiva no grupo que desemboca en fricativa alveolar xorda en *mostrar* ten tamén o seu reflexo en *defesa* (v.7, 30,18) e *defeso* (v.9, 30,18) (v.1, 30,25), formas de participio do verbo *defender*. (Todas estas ocorrencias foron recollidas en poemas de Estevam da Guarda.) O grupo latino mantense noutros substantivos derivados de *defender*, como *defenson* (v.10, 30,35) (v.18, 30,35) (v.15, 106,6) (v.14, 118, 5) e *defensa* (v.8, 118,5), aínda que tamén atopamos outro caso de *defesa* (v.8, 30,25) co mesmo valor.

O grupo consonántico -NS- mantense ademais en todas as ocorrencias de *cons(s)elho* (v.5, 2,6) (v.41, 6,9) (v.1, 11,2) (v.23, 16,2) (v.2, 18,2) (v.11, 18,2) (v.10, 18,4) (v.15, 18,22) (v.14, 25,11) (v.20, 25,66) (v.18, 25,137) (v.17, 95,5) (v.24, 97,5) (v.30, 97,6) (v.31, 97,14) e dos seus derivados: *cons(s)elhar* (v.2, 9,9) (v.9, 9,9) (v.3, 11,12) (v.10, 16,8) (v.3, 16,1 3) (v.1, 97,14) (v.5, 97,14) e *conselhador* (v.18, 97,5) (v.23, 97,26) (v.8, 152,1). co que acada un total de 172 testemuños. Tamén se mantén nas ocorrencias de *pensar*<sup>6</sup> (v.1, 8,5) (v.5, 23,1) (v.12, 45,1) (v.3, 45,2) (v.9, 78,23) (v.11, 94,15) (v.5, 104,1) (v.20, 111,3) (v.15,111,5) (v.3, 120,21),

<sup>5</sup> O modelo de citación das formas analizadas dispónse así: primeiro, o número do verso (v.X) e, despois, separado por unha vírgula e un espazo, o número da cantiga segundo o sistema tavaniano (Y,Z) que se reproduce en Brea (1996). O resultado é a seguinte fórmula (v.X, Y,Z).

<sup>6</sup> Volveremos tratar no apartado dedicado ao léxico esta voz, cuxo étimo —PĚNSĀRE— produciu dous resultados fonéticos diversos con significados igualmente diverxentes.

que, coas formas conxugadas, xunta 40 atestacións, e en *mansa* (v.11, 3,2) (v.13, 63,4) (v.9, 79,13) (v.5, 101,12) (v.11, 102,12) (v.17, 101,12) (v.21, 111,5) (v.19, 114,21) (v.12, 125,16) (v.16, 125,28) (v.5, 125,38) (v.10, 131,3) (v.16, 141,13) (v.7, 148,2) (v.6, 151,14) (v.5, 152,16) e as súas formas derivadas: *mansedume* (v.28, 114,6) (v.10, 114,20) e *manseliño* (v.26, 14,9) / *manselinha* (v.2, 29,1) (v.5, 29,1).

A tendencia á asimilación da consoante nasal por parte da fricativa labiodental (Ferreiro, 1999: 169) maniféstase nas seguintes formas: *iferno* (v.4, 34,1) (v.15, 34,1), *ifante* (v.6, 25,123) (v.14, 25,123) (v.22, 25,123) (v.14, 76,1) / *yfante* (v.12, 62,1) e *cofonder* (v.4, 30,7) / *cofonda* (v.5, 43,16) (v.13, 43,16) (v.19, 43,16) (v.19, 63,21) (v.12, 63,35) (v.24, 121,4) (v.10, 136,5) (v.16, 136,5) (v.17, 148,7) / *cofondi* (v.1, 43,17) (v.6, 43,17). No entanto, existen casos en que se mantén o grupo latino: *inf(f)erno* (v.11, 9,5) (v.4, 34,1) (v.15, 34,1), *infante* (v.2, 30,1) (v.14, 30,1) (v.3, 30,23) (v.1, 38,3bis) (v.15, 38,3bis) —as dúas primeiras ocorrencias desta relación teñen o significado de «neno, rapaz», mentres as restantes se refiren aos descendentes dos reis, igual que *ifante*—; e, por último, o verbo *confounder* (v.11, 120,32) (v.12, 120,32) / *confonda* (v.14, 7,10) (v.10, 25,67) (v.10, 43,16) (v.5, 63,35) (v.13, 70,21) (v.6, 70,28) (v.15, 116,6) (v.14, 120,11) (v.7, 125,22) (v.4, 147,7) (v.6, 148,8) (v.39, 157, 5) / *confunda* (v.27, 97,2). Manteñen sistematicamente o grupo -NF-: o adxectivo *infernal* (v.2, 18,34) (v.3, 25,127) —neste caso só contamos con dúas ocorrencias, mais puidemos encontrar outros 19 testemuños todos co grupo latino -NF-, na lírica relixiosa—, o verbo *confortar* (v.29, 62,2) / *conforto* (v.5, 25,90) / *confortado* (v.5, 66,1) / *conforto* (substantivo) (v.3, 26,1) (v.10, 154,2), *infançon/ infanções* (v.2, 18,28) (v.2, 49,2) (v.8, 56,4) (v.12, 56,9) (v.4, 60,4) (v.10, 60,4) (v.12, 60,4) (v.5, 60,7) (v.2, 70,34) (v.5, 70,34) (v.1, 70,37) (v.16, 70,37) (v.20, 70,52) (v.2, 77,6) (v.1, 87,5) (v.6, 87,9) (v.13, 87,9) (v.20, 87,9) (v.2, 87,10) (v.1, 87,13) (v.23, 87,13) (v.2, 97,9) (v.7, 97,9) (v.1, 105,1) (v.3, 120,29) (v.4, 120,44) (v.17, 120,44) (v.2, 120,48) (v.4, 120,51) (v.22, 125,14) e *confessar*: *confessou* (v.25, 50,2) (v.28, 50,2) (v.5, 125,11) / *confessava* (v.2, 81,10); así como o substantivo *confissom* (v.21, 16,14).

Pasamos a falar agora do grupo -GN-, que presenta diversos tratamentos dentro da escrita das cantigas. Do mantemento do grupo -GN- rexístrase un único caso: *regno* (v.9, 62,2). Relacionadas con esta forma, temos *reynar* (v.24, 94,15) (v.34, 120,41) e *reinar* (v.10, 16,5) (v.16, 120,31), solucións relativamente anómalas en que puido influír a forma *rei* tal como indica Ferreiro (1999: 61). Temos tamén a forma extensamente documentada *sinal* (v.1, 18,34) (v.6, 63,5) (v.12, 63,5) (v.18, 63,5) (v.10, 87,2) (v.20, 87,2) (v.6, 125,21) (v.9, 125,21) (v.12, 125,21) (v.17, 125,21) (v.25, 125, 21) (v.26, 125, 21) (v.16, 126,9) e as formas verbais, tamén derivadas do étimo SĪGNU, *consinaria* (v.18, 16,14) e *dessinei* (v.24, 13,2), ademais de *ensinar* (v.24, 2,1) / *ensinade* (v.11, 2,1) / *ensinado* (v.15, 2,1) / *ensinou* (v.21, 2,1), nas que se pode observar a redución do grupo consonántico. No entanto, o resto axústanse á evolución patrimonial do grupo -GN- cara á nasal palatal: *punhar*, *conhocer*, etc.

Dom Duarte dedica un dos capítulos do *Leal Conselheiro* (1999: 62) á ira, cuxo «propio nome em nossa linguagem é sanha». Indica ademais o monarca «que vem de iu arrebatado fervor de coração por desprazer que sente, com desejo de vingança». Esta cita revela que o rei-filósofo, como autoridade didáctica, consideraba necesario non só explicar en que consistía este pecado capital, senón tamén achegar a forma correspondente en «linguagem». No



*corpus* que manexamos alternáanse as dúas formas e os seus derivados. Dentro da linguaxe poética utilízanse ambos os termos como sinónimos para referirse á reacción do amado/a perante un comportamento inadecuado por parte do outro/a. A forma *ira* é minoritaria dentro do *corpus* trobadoresco fronte a *sanha* e os seus derivados. Achamos até un total de 16 ocorrencias entre (*h*)*ira* (v.23, 25,43) (v.17, 60,2) (v.3, 71,5) (v.5, 111,3) (v.10, 112,2) (v.5, 120,53) (v.2, 157,43bis) e o adxectivo (*h*)*irado* (v.11, 25, 56) (v.4, 25,102) (v.3, 49,3) (v.6, 49,3) (v.9, 49,3) (v.19, 77,16) (v.6, 95,9) (v.12, 95, 9) (v.18, 95,9). No poema «Quisera vosco de grado falar», do rei D. Dinís, encontramos a repetición do verso 4, «ca ey mui gran medo do *hirado*», substituíndo a última palabra do verso polos sinónimos *mal bravo*, *sanhudo* e *esquivo*. Este recurso, o paralelismo semántico, está presente tamén noutra composición do mesmo autor, que combina novamente os sinónimos *ira* e *sanha*:

*O vento lh'as desvia  
levantou-s'alva  
meteus'alva em **ira**  
e-no alto.  
Vailas lavar alva.*

*O vento lh'as levava,  
levantou-s'alva;  
meteu-s'alva em **sanha**,  
e-no alto.  
Vai-las lavar alva.*

O uso desta forma é máis limitado fóra dos textos poéticos: a través da consulta do TMILG (Varela, 2004) puidemos comprobar que a maioría das atestacións, 23 de 25, pertencían a documentos xurídicos. Nestes casos aparece dentro da «*sanctio*» —a sección en que figuraban os posibles castigos ou sancións a que serían sometidos os infractores que quebrantasen as disposicións emanadas do documento— para referirse á *ira* divina:

*Et eu pono que se algun a vos contra esta vençon passar ou britar, que aia a **ira** de Deus et a mia maldiçon et peite setecentos soldos de pea a voz del rey et doble a vos os erdamentos sobreditos, et a carta estea firme en seu revor.* (Romani: 1989-1993).

Como explicamos anteriormente, o uso de *ira* nas cantigas está ligado aos procedementos de variación sinonímica sobre os que se constrúen as formas paralelísticas na poesía galego-portuguesa; por tanto, non está necesariamente relacionado con manifestacións relixiosas, aínda que temos unha referencia a «Deus irado» na cantiga (25,56) de Don Dinís.

Outro exemplo do emprego estilístico dun latinismo é o caso de *pavor* (v.5, 18,14) (v.25, 18,20) (v.20, 18,37) (v.3, 22,10) (v.8, 23,1) (v.19, 23,1) (v.14, 25,16) (v.35, 27,1) (v.3, 43,12) (v.9, 43,17) (v.7, 44,2) (v.3, 44,9bis) (v.8, 47,19) (v.16, 50,2) (v.13, 50,3) (v.10, 50,6) (v.13, 50,9) (v.16, 50,9) (v.5, 51,7) (v.11, 51,5) (v.17, 51,5) (v.19, 51,5) (v.15, 63,13) (v.15,

63,20) (v.4, 63,21) (v.5, 63,46) (v.11, 63,46) (v.14, 63,46) (v.17, 63,46) (v.1, 63,53) (v.10, 64,16) (v.15, 63,13) (v.4, 63,21) (v.5, 63,46) (v.11, 63,46) (v.14, 63,46) (v.17, 63,46) (v.1, 63,53) (v.10, 64,16) (v.16, 70,29) (v.22, 71,5) (v.3, 74,6), etc., que suma un total de 121 ocorrencias, fronte ás 65 da forma *medo* ou ás 5 de *espanto*. Para explicar o amplo uso deste vocábulo debemos sinalar que nun total de 91 casos é palabra rima, e que a lírica galego-portuguesa opta preferentemente por rematar o verso cunha palabra oxítónica por influencia provenzal. Non obstante, no noso idioma a maioría das voces son paroxítonas; de aí a alta rendibilidade rítmica de *pavor*.

O étimo PĒNSĀRE evoluciona en dúas formas diverxentes, ou variantes alotrópicas, seguindo a definición de Vasconcellos. Estas son *pensar* e *pesar*. Diferéncianse ambas na fonética, no tratamento diverso do grupo -ns- e no seu significado: a primeira, cos significados de «comprender, reflectir» ou «coidar, tratar» e a segunda, co de «ter pena ou dor», sentimentos que se expresan frecuentemente na poesía dos nosos trobadores. As evolucións diverxentes son explicadas polo profesor Wright (1976) como unha maneira de evitar que os significados conflúan nunha voz polisémica, o que eliminaría, ao mesmo tempo, as posíbeis ambigüidades que se puidesen derivar do seu uso.

Un caso singular é o de *frume*<sup>7</sup> (<FLŪMĪNE) que conta cun só testemuño na lírica profana (v.4, 64,23). A cantiga de escarnio onde se localiza fala dunha falsa peregrinación á Terra Santa en que aparece unha referencia ao río Xordán, neste caso «frume Jordan». A significación relixiosa desta corrente é a causa de que se empregue esta voz procedente do latín eclesiástico no lugar da máis común: *río*. De feito, apenas puidemos encontrar outra forma *frume* no resto dos textos medievais, outra vez aludindo ao Xordán.

*Tan tost'os que con el eran pelas mãos lo fillaron  
e a casa do seu amo adestrado lo levaron;  
e poi-lo viu tan maltreito, el e outros choraron,  
dizendo: «Rey Jhesu-Cristo, tu que en **Jordan** no **frume**,  
[...]  
Senhor fuste batiçado, fas que aquest'ome veja.»*

(ALFONSO X, 1989: 183 III, cantiga 338)

Seguindo co caudal léxico do ámbito relixioso, temos a forma proparoxítona *clérigo*<sup>8</sup>, que posuía un significado máis amplo do que lle damos hoxe en día: tiña tanto a acepción de «intelectual ou de escolar» como a de «relixioso» (Arbor Aldea, 2001: 272). Nos textos trobadorescos predomina a segunda das definicións, xa que, como grupo social, son frecuentemente atacados pola súa lascivia. Outros latinismos que podiamos incluír neste ámbito son: *gloriosa*, *confisson*, *christianos* (v.9, 62,1), *spirital* (v.3, 18,34), *Natal* (v.18, 18,47) (v.3, 63,75) (v.2, 87,10) (v.2, 87,13) (v.1, 87,20), *virgo* (v.2, 83,8), *sepulcro* (v.21, 97,28), *altar*

<sup>7</sup> *Vid. supra.*

<sup>8</sup> Para ver as ocorrencias desta voz, *vid. supra.*

(v.10, 93,7) (v.4, 98,1) (v.10, 110,3), *Sancta Scriptura* (v.1, 94,13); ademais do posesivo *nostro* (v.3, 2,5) (v.25, 2,15) (v.4, 2,17) (v.13, 6,4) (v.3, 9,14) (v.8, 11,9) (v.15, 11,12) (v.1, 14,8) (v.16, 17,4) (v.5, 18,20) (v.19, 18,37) (v.2, 22,13) (v.19, 24,2) (v.4, 25,16) (v.14, 25,26) (v.14, 25,34) (v.1, 25,55) (v.8, 25,55) (v.1, 25,56) (v.4, 25,91) (v.6, 25,121) (v.12, 25,121) (v.18, 25,121) (v.19, 25,121) etc., que vai acompañando a *senhor* para designar o ser supremo do que puidemos xuntar 180 ocorrencias.

Por último, debemos salientar a presenza na poesía profana de léxico do ámbito científico, especialmente: *planetas*, *físico* (v.2, 2,15), [e]strologia (v.18, 2,15), *astrologia* (v.1, 30,18) / *astrologia* (v.30, 30,18), *Mars* (v.3, 30,22) (v.5, 30,22), *Saturno* (v.6, 30,22) (v.19, 30, 22) (v.3, 30,22) e *naturas* (v.8, 4,1), que poden ser catalogados como latinismos, aínda que os catro primeiros termos son de orixe grega e foron transvasados ao romance a través do latín. Con todo, a aparición deste léxico está limitada á denuncia de científicos fraudulentos en tres cantigas burlescas (2,15) (30,18) e (30,22).

Para concluír a nosa disertación sobre este tema, debemos destacar o mantemento de usos latinos dentro da poesía trobadoresca; nalgúns casos testemuñais, como o de *plazer*, que ten apenas dúas ocorrencias fronte ás 110 de *prazer*. Se seguimos a interpretación de Wright (1989 e 1991), deberíamos admitir que a lectura destes latinismos estaba condicionada polas formas patrimoniais, no caso daquelas formas que presentan variación. Non obstante, a súa presenza non pode ser desprezada desde unha postura foneticista, senón que deben ser tidas en conta para realizar unha valoración firme das condicións en que se desenvolve a escrita medieval e as consecuencias que ten no posterior desenvolvemento da lingua.

A respecto dos latinismos léxicos, podemos sinalar que cumpren unha importante función estilística dentro da lírica profana galego-portuguesa. Un elemento basilar desta é o recurso á repetición, que explota o latinismo en forma de paralelismo semántico. Outro factor que pode condicionar o uso dunha ou doutra palabra é a rima, como xa puidemos comprobar no caso de *pavor*. Canto ao uso de vocabulario específico dos ámbitos científico e eclesiástico, podemos afirmar que é o intermediario da crítica dirixida a través da poesía satírica a individuos que pertencen a estes grupos sociais e profesionais.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alfonso X [ed. de W. Mettmann] (1986-1989). *Cantigas de Santa María*. 3 vols. Madrid: Castalia.
- Alvar, C. (1986). «Johan Soárez de Pavha, *Ora faz ost'o senhor de Navarra*». In *Philologica Hispaniensis in honorem Manuel Alvar*. III. Madrid: Gredos, 7-12.
- Alvar, M. & S. Mariner (1967). «Latinismos». In *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Vol. II. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas, 3-39.
- Arbor Aldea, M. (2001). *O cancionero de don Afonso Sanchez*. Edición e estudio. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Badía Margarit, A. M. (1972). «Por una revisión del concepto de «cultismo» en fonética histórica». In *Studia hispanica in honorem R. Lapesa*. I. Madrid: Gredos, 137-152.

- Benítez Claros, R. (1957). «Problemas del cultismo». In *Estudios dedicados a Menéndez Pidal. Tomo VII. I*. Madrid: Centro Superior de Investigaciones Científicas, 17-25.
- Brea, M. (coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa. 2 vols.* Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Bustos Tovar, J. J. de (1974). *Contribución al estudio del cultismo léxico medieval*. Madrid: Real Academia Española.
- Clavería Nadal, G. (1992). *El latinismo en español*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- Dom Duarte [ed. de M. H. Lopes de Castro] (1998). *Leal Conselheiro*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Ferreiro, M. (1997). *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laivento.
- (1999). *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Puentes Romay, J. A. (2007). «Latín e romance. Aspectos xerais». In A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, 95-113.
- Martins, A. M. (2007). «O primeiro século de português escrito». In A. I. Boullón Agrelo. *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, 161-184.
- Menéndez Pidal, R. (1994) [1940]. *Manual de Gramática Histórica Española*. Madrid, Espasa Calpe.
- Molho, M. (1985). «Apuntes para una teoría del cultismo». *Bulletin Hispanique* 87, 471-484.
- Penny, R. (2001) [1993]. *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel.
- Romani Martínez, M. (ed.) (1989-1993). *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. Santiago: Tórculo Edicións
- Rodríguez Río, X. A. (1998). «O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego». *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 25, 293-322.
- Souto Cabo, J. A. (2008). «O texto das cantigas nas prácticas escriturais do séc. XIII». In M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro & L. Tato Fontaiña. *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*. A Coruña: Baía Edicións, 161-176.
- Varela Barreiro, X. (2004). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- Vasconcellos, J. L. de (1968) [1911]. *Lições de Filologia Portuguesa*. Rio de Janeiro: Livros de Portugal.
- Williams, E. B. (2001) [1996]. *Do Latim ao Português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Wright, R. (1989). *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*. Madrid: Gredos.
- (1991). «La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 18, 5-25.
- Wright, R. (1976). «Semicultismo», *Archivum Linguisticum* 7, 1, 13-29.